

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P.4991-Resol. pola que se aproba a concesión provisional de subvencións do programa FO103C:Convocatoria de subvencións a federacións deportivas galegas para actividades de promoción deportiva e formación de técnicos no ámbito provincial, 2015

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓN CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO103C:Convocatoria do programa de subvencións a federacións deportivas galegas para a realización de actividades de promoción deportiva e formación de técnicos no ámbito provincial, na modalidade deportiva correspondente, durante o ano 2015

Don DIEGO CALVO POUISO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.- Por resolución da Presidencia nº 20.616 do 16/10/2014, aprobáronse as Bases Reguladoras Xerais das convocatorias de subvencións dirixidas a Entidades desta Deputación para o ano 2015 e por resolución nº 20.847 do 20/10/2014, foi aprobada a convocatoria do Programa FO103C:Convocatoria do programa de subvencións a federacións deportivas galegas para a realización de actividades de promoción deportiva e formación de técnicos no ámbito provincial, na modalidade deportiva correspondente, durante o ano 2015

A dita convocatoria foi publicada no BOP nº 205 do 27/10/2014 e o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 20 de novembro de 2014 ás 14:00 horas.

Segundo.- De acordo coa base 8 das Bases reguladoras Xerais, por resolución nº 70, do 14/01/2015 designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa reunión o día 27 de maio de 2015.

Terceiro.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela.

Cuarta.- Na partida orzamentaria 0612/3411/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2015, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

Quinta.- Constan no expediente os informes da Unidade Xestora do Programa e do Servizo de Fiscalización.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

- 1.- Non admitir as solicitudes que figuran no Anexo 1, polos motivos que se indican.
- 2.- Conceder provisionalmente as subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3411/481, sendo o importe total proposto de 68.248,90€.
- 3.- Conceder provisionalmente as subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo-3, condicionadas polos motivos que se indican, que deberán ser emendados polos solicitantes no prazo de dez días hábiles que se sinala máis adiante.
- 4.- Autorizar a todas as entidades que o solicitaron para que poidan contratar máis do 50% da actividade subvencionada e/ou concertar a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade.
- 5.- Publicar a presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 59.6.b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación.
- 6.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, o desestimento da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou presentar emenda de erros . Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formule desestimento expreso, a subvención considerárase aceptada tácitamente.
- 7.- A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.FO103C:Convocatoria do programa de subvencións a federacións deportivas ga-

legas para a realización de actividades de promoción deportiva e formación de técnicos no ámbito provincial, na modalidade deportiva correspondente, durante o ano 2015

ANEXO 1- Non admitidas

Solicitudes	Orzamento	Solicitado	Motivo
Beneficiario: CLUB BALONCESTO ARTAI NIF: G70226675 Cod. Exp.:2014990002251 Obxecto: IX Torneo de Baloncesto Festas do Pilar 2015	3.970,00€	2.590,00€	Ter presentada a solicitude nun programa incorrecto
Beneficiario: CLUB CICLISTA DE BETANZOS NIF: G15051733 Cod. Exp.:2014990003355 Obxecto: Cubrir parte dos gastos necesarios para seguir coa actividade de promoción deportiva.	7.000,00€	4.900,00€	Ter presentada a solicitude nun programa incorrecto
Beneficiario: FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO GALICIA NIF: G27033737 Cod. Exp.:2014990002322 Obxecto: Visita de Tecnificación ós campionatos de Europa de Salvamento e Socorrismo e visitas centros educativos para promoción do Salvamento Deportivo	5.050,00€	3.535,00€	Desestimento do solicitante
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE AJEDREZ NIF: G36644789 Cod. Exp.:2014990004491 Obxecto: Actividade Xeral para o ano 2015	16.000,00€	11.200,00€	Desestimento do solicitante

Total solicitado 22.225,00€

ANEXO 2 – Concedidas provisionalmente

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE BALONCESTO NIF: V15115306 Cod. Exp.:2014990004435 Obxecto: Promoción Actividades Deportivas e Formación Técnicos	8.495,20€	0,4633	18.336,28€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL SALA NIF: V15125206 Cod. Exp.:2014990002843 Obxecto: Promoción Deportiva e Formación de Técnicos	5.991,84€	0,5658	10.590,03€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE GIMNASIA-DELEGACION A CORUÑA NIF: G32023210 Cod. Exp.:2014990004416 Obxecto: Campionatos Provinciais de Ximnaxia Rítmica e Artística 2015 e Torneo de Nadal 2015	1.800,00€	0,7000	2.571,43€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE LUCHA NIF: V36651081 Cod. Exp.:2014990002862 Obxecto: Promoción das Loitas Olímpicas no sistema educativo como canalizadora do crememento provincial do Deporte	5.986,00€	0,6849	8.739,96€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE PENTATLON MODERNO Y TRIATLON NIF: V36703932 Cod. Exp.:2014990003832 Obxecto: Escola provincial de Triatlón, Escola Provincial de Pentatlón Moderno e Proba de Ámbito Nacional	7.482,00€	0,7000	10.688,57€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE PESCA NIF: V15141328 Cod. Exp.:2014990004166 Obxecto: Cursiño e Reciclaxe de Xuices Autonómicos 2015	1.998,56€	0,5921	3.375,38€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE REMO NIF: V15117385 Cod. Exp.:2014990004380 Obxecto: Copa Deputación de Remo Olímpico, Regatas do Eixe Atlántico e Formación de Técnicos e Xuíces-Arbitros	12.015,00€	0,6667	18.021,60€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE RUGBY NIF: G15111156 Cod. Exp.:2014990004535 Obxecto: Visitas regladas de adestradores/formadores de alto nivel pra a mellora técnica dos adestradores da provincia	3.500,00€	0,6429	5.444,08€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE TENIS NIF: G15102767 Cod. Exp.:2014990004482 Obxecto: Programas de Tecnificación Deportiva y Docencia	3.200,00€	0,4000	8.000,00€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE TENIS DE MESA NIF: V15149453 Cod. Exp.:2014990003390 Obxecto: Concentracións técnicas de xogadores/as benxamines, alevines, infantiles, cadetes e xuveniles	4.494,30€	0,5634	7.977,10€
Beneficiario: FEDERACION TERRITORIAL GALLEGA DE BOXEO NIF: V15108996 Cod. Exp.:2014990003130 Obxecto: Copa Deputación da Coruña de Boxeo e curso de técnicos e árbitros provinciais	6.496,40€	0,6404	10.144,28€
Beneficiario: FEDERACION TERRITORIAL GALLEGA NATACION NIF: G15137201 Cod. Exp.:2014990003658 Obxecto: Promoción das disciplinas da Federación e Formación de Técnicos	6.789,60€	0,6522	10.410,30€

Total concedido 68.248,90€

ANEXO 3 – Concedidas provisionalmente condicionadas

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar	Motivo
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO NIF: G36040764 Cod. Exp.:2014990003437 Obxecto: III Liga Provincial de Piragüismo-Categoría Base-A Coruña	9.000,00€	0,6667	13.499,33€	Terán que achegar unha memoria explicativa do proxecto na que se recollan cláramente os aspectos que se regulan na base 7.2 da convocatoria específica. Nesta memoria deberán motivar o elevado importe da partida destinada a premios e aclarar a diferenza entre o importe desta partida que consta no orzamento e o importe que indican no regulamento.

Total concedido 9.000,00€

A Coruña, 18 de marzo de 2015

O PRESIDENTE

Diego Calvo Pouso

O SECRETARIO

José Luis Almau Supervía

2015/3332